

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DO MAR**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 16 de xuño de 2026 pola que se lle dá publicidade á convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación no Centro de Investigacións Mariñas (dous efectivos).

Advertidos erros nesta resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 119, do 29 de xuño de 2026, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na base décimo terceira, número 4.1º, páxina 37008, onde di:

«1º. Nota media ponderada do expediente académico. A nota media do expediente académico multiplicarase por 6,00. Puntuación máxima: 60,00 puntos; para o cálculo desta puntuación, aplicarase a seguinte fórmula:

$$[(\text{Nota media do grao ou licenciatura} + \text{Nota media do mestrado})/2] \times 5,00$$

Forma de acreditación: certificación académica na cal conste a nota media do expediente e certificación académica da nota media do mestrado».

Debe dicir:

«1º. Nota media ponderada do expediente académico. A nota media do expediente académico multiplicarase por 6,00. Puntuación máxima: 60,00 puntos; para o cálculo desta puntuación, aplicarase a seguinte fórmula:

$$[(\text{Nota media do grao ou licenciatura} + \text{Nota media do mestrado})/2] \times 6,00$$

Forma de acreditación: certificación académica na cal conste a nota media do expediente e certificación académica da nota media do mestrado».

